Aplicación práctica de ODOO

Traballar con ODOO no módulo “Xestión de produtos e promocións no punto de venda”. Configuracións previas.

Accedemos ó noso Odoo na web “http://iesaguia.synology.me:8069”, entramos na base de datos “XesPro???”.



Nesta empresa debemos definir a estrutura do noso surtido, e para poder utilizar os datos, debe coincidir coa definición que temos na folla de cálculo “EstudioHipermercado”. Nesta folla temos tódolos índices a utilizar para a toma de decisións sobre a implantación do noso surtido.

En Odoo debemos establecer as categorías do terminal punto de venda “TPV”. Estas categorías agruparán as referencias na presentación do TPV, facilitando a localización dos produtos no momento da venda.

Na práctica, os produtos codifícanse, “código EAN, GTIN 13”, e os lee un lector de códigos de barras.

Empecemos pois por definir a estrutura, categorías do noso surtido, ata ter algo coma o seguinte:

Aplicación práctica de ODOO

Traballar con ODOO no módulo "Xestión de produtos e promocións no punto de venda". Configuracións previas.

Departamentos	Secciones	Familias	SubFamilias
Supermercado	Alimentación General	Aceites	Aceites de oliva
			Aceites de girasol
		Arroz	Arroz medio bomba
			Arroz integral
			Arroz largo basmati
		Azucar y edulcorantes	Azucar blanco
			Azucar moreno
			Edulcorante
Supermercado	Bebidas	Aguas, refrescos y zumos	Ref. Sabor Naranja
			Ref. Sabor Limón
			Ref. Sabor Cola
			Aguas
			Zumos de naranja
			Zumos de limón
			Zumos de piña
		Cervezas	Cerveza Lager
			Cerveza Pilsen
			Cerveza Negra
		Licores	Ginebra
			Ron
			Wiskey
		Vinos	Vino D.O. Rioja
			Vino D.O. Ribera del Duero
			Vino D.O. Rias Baixas
Supermercado	Conservas	Conservas de carne	
		Conservas de frutas	
		Conservas de pescado	Bonito y atún
			Mejillones
			Sardinilla
		Conservas vegetales	
Supermercado	Lácteos	Batidos	
		Leche condensada, evaporada, en polvo	
		Leche y bebidas vegetales	
		Mantequilla y margarina	
		Nata Líquida	
		Postres lácteos	
		Quesos	Queso D.O. manchego curado de oveja
			Queso semicurado mezcla oveja y vaca
			Queso tierno mezcla oveja y vaca
			Queso barra Edam
			Queso loncheado
			Queso fresco
			Queso D.O. Ronkal
			Queso D.O. San Simón da Costa
		Yogures	Yogur natural
			Yogur chocolate
			Yogur melocotón
			Yogur fresa
			Yogur plátano
Supermercado	Productos frescos	Carnicería	Carne de ternera
			Carne de cerdo
			Pollo
		Charcutería	Embutidos
			Elaborados
			Loncheados
			Jamones
		Pescadería	Merluza
			Bacalao
			Pulpo fresco
			Calamares frescos
		Futas y verduras	

Observa que temos partes do Departamento "Supermercado", pero nas superficies comercias debemos crear toda a árbore que forma a estrutura da variedade de produtos que vende a empresa.

Deste xeito, as nosas referencias estarán definidas dentro dunha SubFamilia, que corresponderá a unha familia, que a súa vez pertencerá a unha sección que dependerá dun departamento ou sector.

Isto conseguímolo mediante a definición das categorías, determinando pais, de maneira que os departamentos ou sectores serán os pais principais dos que "colgarán" as seccións, que para Odoo será unha categoría agrupada baixo un pai.

Exemplo: Categoría.- "Alimentación General", sen pai.
Categoría "Lácteos", pai "Alimentación General".

Se quixésemos poderíamos seguir definindo categorías ata chegar a "familia", "subfamilia". As referencias do noso surtido estarán asignadas a unha categoría que estará "colgada" dun pai.

Crear unha categoría para o TPV en Odoo:

Podemos crear as categorías no momento de crear un produto novo, pero o máis recomendable é telas creadas de antemán. As categorías atopámolas dentro de "Terminal Punto de Venta".



Premendo no botón "Crear" entraremos na pantalla de creación dunha nova categoría. "Supermercado". Pulsamos no botón "Crear"



Prememos no botón "Guardar" e a categoría quedará gardada. Desta forma crearemos tódalas categorías, xerando a estrutura do noso surtido.

Aplicación práctica de ODOO

Traballar con ODOO no módulo “Xestión de produtos e promocións no punto de venda”. Configuracións previas.

Imos crear agora unha categoría que ten un “padre”, en realidade, para nos crearemos as seccións correspondentes ós departamentos da superficie comercial. Odoo trata a todos como categorías, uns con pai e outros sen pai.

Crearemos pois a categoría “Alimentación general” cun “padre” “Supermercado”.

`



Para conseguir que as categorías aparezan na orde desexada, deberemos indicarllo no campo “secuencia”.

Completando a totalidade do surtido, obteremos unha configuración de categorías como a seguinte:



Aplicación práctica de ODOO

Traballar con ODOO no módulo “Xestión de produtos e promocións no punto de venda”. Configuracións previas.

Crear produtos en Odoo:

A continuación deberíamos crear os produtos, e asignalos á categoría que lle corresponda.

Como exemplo, crearemos o produto “Zumo de Melocotón Don Simón“ cun pai “Bebidas”. Ten en conta que esta categoría, “Bebidas”, a súa vez ten como pai “Supermercado”. Dependendo do que queiramos detallar a configuración do noso surtido, poderíamos tamén crear a categoría “Aguas, refrescos y zumos”, con pai “Bebidas”, e incluso “Zumos”, con pai “Aguas, refrescos y zumos”. Nós, quedamos cunha definición intermedia das categorías, e como dixemos, deixamos a referencia “Zumo de Melocotón Don Simón” con pai “Bebidas”.

A pantalla de creación de produtos, consta de 6 pestanas para defini-lo produto:

“Información” :

Odoo contempla a posibilidade de que os produtos poidan ser vendidos ou comprados ou non, isto é porque a aplicación permite a xestión da produción, e dicir, que partindo de materias primas (produtos non vendibles), obteñamos produtos finais para a venda. Nos non imos traballar co módulo de xestión da produción (MRP), polo que os nosos produtos poden ser vendidos.

Tipo de produto como:

- “Almacenable”
- “Consumible”
- “Servicio”

Os nosos produtos serán almacenables.

Precio de Venda

Código EAN (GTIN 13) do produto. Nos permitirá cargar os artigos vendidos mediante un lector de códigos de barras.



Aplicación práctica de ODOO

Traballar con ODOO no módulo “Xestión de produtos e promocións no punto de venda”. Configuracións previas.

“Abastecimientos”:

Definiríamos o coste do producto,

Cadea de suministro “Buy” ou “Make To Order”. Para nos, os produtos serán “Buy”, a opción “Make to Order” sería para fabricación.

Neste apartado tamén podemos definir os provedores do produto

Prazo de entrega do provedor.

Cantidade mínima que o provedor entrega deste produto.



“Inventario”:

Definir cantidade dispoñible do produto, serían as existencias que temos no almacén na actualidade, e que non foron automatizadas na aplicación. E interesante poñer algunha cantidade de existencia para poder facer operacións de proba, de non ser así deberíamos empezar por mercar produto para poder traballar.

Podemos determinar quen é o responsable do produto.

Ubicación do produto no almacén. Estante, Fila,...

Pesos e medidas do produto.



Aplicación práctica de ODOO

Traballar con ODOO no módulo “Xestión de produtos e promocións no punto de venda”. Configuracións previas.

“Ventas”:

“Condiciones de venta”.- Garantía e prazo de entrega ó cliente.

“Terminal Punto de Venta”.- Categoría do TPV (permite crear categorías de produtos para agrupalos no TPV), Dispoñibilidade do produto no TPV, Produto para pesar, ...

Neste apartado debemos indicarlle a Odoo a categoría do produto para agrupalo no TPV, no noso caso “Supermercado/ Bebidas”, co que o produto estará integrado coas demais bebidas que podamos ter á venda a través do TPV.



“Variantes”:

Podemos definir variantes para o produto, esta opción é moi útil para traballar con produtos que teñen tallas ou cores diferentes.

Neste caso non poñemos variantes.



"Contabilidad":

Neste apartado podemos indicarlle a ODOO unha categoría interna para o produto, non a do TPV que estamos a utilizar ata agora.

O máis relevante nesta pestana, e que nos permite determinar que conta usaremos na contabilidade cada vez que fagamos unha compra ou unha venda deste produto. O máis frecuente será deixarlle a 700000 para vendas e a 600000 para compras.

Tamén temos que indicar os impostos asociados ó produto (IVE).



Observa que este produto ten un tipo de IVE do 10%.

Con isto teremos definidos tódolos datos precisos para crear un produto, debemos premer o botón "Guardar" para que o produto quede rexistrado na base de datos.

Tamén e interesante observar que sempre aparece dispoñible no recadro superior dereito:



Importe das compras.
Importe de vendas.
Unidades dispoñibles no almacén.
Movementos do produto no período.
Regras de reabastecemento para o produto.
Rutas, como se movería o produto polos distintos almacéns da empresa.

Debemos dar de alta a totalidade de referencias do noso surtido para poder traballar na aplicación.

Como podemos ver esta é unha labor que require de tempo e paciencia, no noso Odoo, todo este proceso xa está feito, polo que temos o traballo adiantado.

Nunha empresa tradicional, deberíamos dar de alta os clientes, pero no noso caso, como traballamos nunha superficie comercial, non é preciso identificar ós nosos clientes, polo que non trataremos o apartado de clientes neste tutorial. Só correspondería emitir factura identificando o cliente a petición do propio cliente, por defecto, emitiremos factura simplificada.

Aplicación práctica de ODOO

Traballar con ODOO no módulo “Xestión de produtos e promocións no punto de venda”. Configuracións previas.

Traballar co TPV en ODOO (configuración):

O TPV é a ferramenta de cobro utilizada nas superficies comerciais, consiste nun ordenador conectado á rede, que acede a base de datos da empresa e localizando na base de datos os produtos que os clientes pasan pola liña de caixas.
Nunha superficie comercial pode haber moitos TPVs, polo que debemos crear tantos TPVs como sexa necesario. O proceso de creación dos TPVs e o seguinte:
Acedemos á opción “Terminal Punto de Venta”, preséntanos a opción para iniciar unha sesión do TPV.



Nós empezaremos na opción “Configuración”, “Terminal punto de venta (TPV)”.



Aplicación práctica de ODOO

Traballar con ODOO no módulo “Xestión de produtos e promocións no punto de venda”. Configuracións previas.

Vemos que xa temos creado un TPV “Main”, creouse de xeito automático no momento de instalar o módulo. O que debemos facer, é “crear” tantos TPVs coma precisemos.

Temos a posibilidade de configurar o tipo de albará, o diario contable onde se contabilizarán as vendas deste TPV, o almacén de existencias de onde sae o produto, os métodos de pago dispoñibles, e máis detalles do TPV, para traballar só necesitamos darlle un nome, no noso caso “TPV01”.





O premer no botón "Guardar", teremos creado un novo TPV "TPV01" co que traballar.



Usuarios do TPV:

O TPV debe ser utilizado por un usuario, caixeiro/a, que debe identificarse na aplicación, polo tanto, debemos ter dados de alta usuarios que teñan aceso ó TPV.

A xestión de usuarios atopámola no menú "Configuración". Cando instalamos ODOO, créanos o usuario administrador



Premendo sobre a fila do usuario "Administrador", entraremos na edición do usuario.



Como vemos, este usuario ten aceso a tódolos módulos instalados na aplicación, incluído o TPV. Pero debemos crear tantos usuarios con aceso ó TPV coma persoal de caixa teñamos, desta forma controlaremos quen, e en que momento acede ó TPV. Observa que o usuario "Administrador" consta como "Director" do TPV, o normal será que creemos usuarios co perfil "usuario" do TPV.

Unha vez visto todo o exposto, xa estaremos en condicións de vender ó través do TPV.